

Expediente	2024053390
Asunto	Solicitud de acceso a información pública de D. *****
Trámite	Resolución presidencial de acceso a información pública

O deputado delegado de Administración Xeral, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de Transparencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Con data 20 de xuño de 2024 foi recibida a través da presentación dunha instancia xenérica na oficina de asistencia en materia de rexistros de Pontevedra da Deputación a solicitude de D. \*\*\*\*\* con CSV: \*\*\*\*\* co seguinte alcance:

*"Fun opositor e interesado nos procesos selectivos desta administración: (1) CL2022J OPES 19-20-21-22, 9 prazas de administrativo c1; (2) CL2022FOPES 19-20-21-22, 3 prazas de auxiliar de admón. xeral c2; (3) CL2021N OPES 18-19-20, 3 prazas de auxiliar de admón. xeral. Co obxecto de mellorar a miña preparación para os vindeiros procesos nesta mesma administración.*

*-PRIMEIRO. O primeiro exercicio test do proceso (2)*

*-SEGUNDO. Os segundos exercicios dos procesos (2) e (3).*

*-TERCEIRO. Os dous segundos exercicios do proceso (1) de redacción de tema correspondentes ás dúas mellores notas acadadas polos opositores, anonimizados censurando os datos persoais.*

*-CUARTO. O enunciado do terceiro exercicio do proceso (1).*

*-QUINTO. Os dous terceiros exercicios do proceso (1) de supostos prácticos correspondentes ás dúas mellores notas acadadas polos opositores, anonimizados censurando os datos persoais.*

*-SEXTO. O seu caso, os criterios específicos de corrección determinados polos tribunais, en relación cos puntos "segundo", "terceiro" e "cuarto".*

*-SÉPTIMO. Toda a documentación á que se refire a solicitude solicítase preferentemente en formato electrónico."*

Analizada a solicitude polo Servizo de Recursos Humanos e Formación, esta foi remitida á Unidade de Transparencia para a súa análise e instrución.

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), no seu artigo 12 establece que todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, recoñecendo así a titularidade do dereito de acceso a "todas as persoas" en termos similares aos expresados no citado artigo 105.b) da CE, que reconece a "os cidadáns" o acceso aos arquivos e rexistros administrativos.

Pola súa banda, a información pública, é definida no artigo 13 da mesma norma, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións". Por tanto, a Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben

porque a elaborou este ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas.

Analizando o elemento subxectivo da solicitude resulta relevante precisar, con carácter previo, que a documentación solicitada refírese a diversos procesos selectivos xa finalizados, polo que ao respecto ao seu acceso non resulta determinante que o solicitante ostente a condición de interesado nos mesmos pois dita condición unicamente implica o desprazamento da LTAIBG cando concorre acumulativamente coa existencia dun procedemento en curso, tal e como ven establecendo de xeito reiterado o Consello de Transparencia e Bo Goberno nas súas resolucións (p.ex. RT CTBG 2023-0104).

Entrando no ámbito obxectivo da petición do interesado, esta ven referida a diversos documentos pertencentes a diferentes procesos selectivos, podendo sistematizar os elementos de información solicitados do seguinte xeito:

- i. Do proceso selectivo **CL2022F** OPES 19-20-21-22, 3 PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL C2: Primeiro e segundo exercicio.
- ii. Do proceso selectivo **CL2021N** OPES 18-19-20, 3 PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL C2: Segundo exercicio.
- iii. Do proceso **CL2022J** OPES 19-20-21-22, 9 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO C1: O enunciado do terceiro exercicio e os dous segundos exercicios de redacción de tema e os dous terceiros exercicios de supostos prácticos correspondentes as dúas mellores notas.
- iv. Os criterios específicos de corrección do segundo exercicio dos citados procesos selectivos **CL2022F**, **CL2021N** e **CL2022J**, e do terceiro exercicio do proceso selectivo **CL2022J**.

Deste xeito, en relación co dereito de acceso á información solicitada cómpre indicar que a normativa de aplicación consagra a prevalencia do dereito subxectivo a obter a información e correlativamente o deber de entregala, salvo que concorran causas xustificadas que limiten tal dereito, ás que se refiren os artigos 14 e 15 da LTAIBG, así como polos supostos de inadmisión do artigo 18 LTAIBG. Tales causas constitúen conceptos xurídicos indeterminados cuxa relevancia e transcendencia deben ser concretadas en cada caso, ponderando os intereses en conflito.

Con respecto aos puntos i e ii, enunciados de determinados exercicios, trala valoración da Unidade de Transparencia, indícase que non concorre causa xustificada que limite o dereito de acceso nin algún dos supostos de inadmisión dos establecidos nos devanditos artigos 14, 15 e 18 LTAIBG, sen prexuízo do abono, no seu caso, das taxas e prezos que correspondan pola expedición de copias ou transposición a formatos diferentes do orixinal, se fora o caso.

En relación á documentación solicitada no punto iii, cabe recordar que o dereito do que son titulares todas as persoas e que poden exercitar sen necesidade de motivación regulado na LTAIBG, pode verse limitado naqueles casos en que así o esixa a natureza da información pola entrada en conflito con outros dereitos protexidos, sinalando a doutrina que os límites deben aplicarse atendendo a un exame do interese que se salvagarda co límite de acceso e o interese público na divulgación da información atendendo a un criterio de proporcionalidade.

Así, en referencia aos documentos solicitados neste punto, se ben o criterio xeral da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) é que a normativa de protección de datos non se aplica á información anónima – é dicir información que non garda relación cunha persoa física identificada ou identificable nin aos datos convertidos en anónimos de forma que o interesado non sexa identificable – debe terse en conta que non sempre é posible levar a cabo un proceso de anonimización de forma satisfactoria, debendo valorarse se persiste unha probabilidade de reidentificación dos individuos en función do contexto ou a natureza de los datos.

Neste senso, o acceso aos elementos valorativos nun procedemento de concorrencia competitiva é probable que permita coñecer información susceptible de ser cualificada como dato de carácter persoal, pois incluso indirectamente pode haber elementos que permiten a singularización do seu titular; no sentido de illar ou diferenciar determinada información de outra, uns participantes de outros.

Tendo en conta que as cualificacións dos diferentes exercicios foron obxecto da preceptiva publicación na sede da Deputación de Pontevedra e no Boletín Oficial da Provincia e que se solicitan os exames correspondentes as dúas mellores notas, resultaría sinxelo identificar aos seus autores polo que neste caso, e en consonancia co criterio da AEPD a anonimización dos documentos non tería ningún efecto real.

Ademais, é pertinente sinalar que sendo a documentación solicitada manuscrita, tamén sería posible relacionar a caligrafía co seu autor, véndose comprometido de novo o dereito á protección de datos de carácter persoal xa que a caligrafía, tal e como recolle o Grupo de Traballo do Artigo 29 no seu Ditame 4/2007 sobre o concepto de datos persoais, pode ser considerada un dato biométrico. No citado ditame establécese que os datos *biométricos poden definirse como propiedades biolóxicas, características fisiolóxicas, trazos da personalidade ou tics, que son, ao mesmo tempo, atribuíbles a unha soa persoa, incluso se os modelos utilizados na práctica para medilos tecnicamente implican un certo grao de probabilidade. Exemplos típicos de datos biométricos son os que proporcionan as pegadas dactilares, os modelos retinais, a estrutura facial, as voces, pero tamén la xeometría da man, las estructuras venosas e incluso determinada habilidade profundamente arraigada ou outra característica do comportamento (como a caligrafía, as pulsacións, unha maneira particular de camiñar ou de falar, etc.).*

Unha vez realizada por esta Unidade a debida ponderación entre o interese público na divulgación e os dereitos dos afectados de acordo coa normativa de aplicación en materia de transparencia e protección de datos (artigo 15.3 LTAIBG), apreciase que as circunstancias sinaladas xustifican a limitación do dereito de acceso en favor da reserva de datos e a aplicación dos límites de acceso de forma xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección.

En referencia aos criterios de corrección solicitados no punto **iv** a LTAIBG reconece no seu artigo 12 o dereito de tódalas persoas a acceder á información pública, entendendo por tal, segundo dispoñe o artigo 13, «os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en

poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións».

De este xeito, a LTAIBG delimita o ámbito material do dereito a partir dun concepto amplo de información, que abrangue tanto documentos como contidos específicos e esténdese a todo tipo de “formato ou soporte”.

En base a isto, un tribunal cualificador dun proceso selectivo de persoal para a Administración é un órgano administrativo e, polo tanto, a documentación que elabora debe considerarse elaborada pola Administración da que forma parte, tendo entón a consideración de información pública aos efectos da normativa de transparencia.

Así, indícase que en relación da documentación solicitada no punto **iv** non concorre causa xustificada que limite o dereito de acceso nin algún dos supostos de inadmisión dos establecidos nos devanditos artigos 14, 15 e 18 LTAIBG, sen prexuízo do abono, no seu caso, das taxas e prezos que correspondan pola expedición de copias ou transposición a formatos diferentes do orixinal, se fora o caso.

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia desta Deputación, e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2024005761, do 10 de xullo de 2024, de delegación das atribucións da Presidencia,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** CONCEDER a D. \*\*\*\*\* o acceso aos seguintes elementos de información:

- Primeiro e segundo exercicio do proceso selectivo **CL2022F** OPES 19-20-21-22, 3 PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL C2.
- Segundo exercicio do proceso selectivo **CL2021N** OPES 18-19-20, 3 PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL C2.
- Terceiro exercicio do proceso selectivo **CL2022J** OPES 19-20-21-22, 9 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO C1.
- Os criterios específicos de corrección do segundo exercicio dos procesos selectivos **CL2022F**, **CL2021N** e **CL2022J**, e do terceiro exercicio do proceso selectivo **CL2022J**.

A efectos de formalizar o acceso á información correspondente o Servizo de Recursos Humanos e Formación deberá analizar a necesidade do previo abono das taxas e prezos que correspondan pola expedición de copias ou transposición a formatos diferentes do orixinal, se fora o caso, segundo o previsto no Anexo I da Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos da Deputación de Pontevedra (BOPPO 07/12/2007).

**SEGUNDO.-** DENEGAR o acceso aos dous segundos exercicios de redacción de tema e os dous exercicios de supostos prácticos correspondentes as dúas mellores notas do proceso selectivo **CL2022J** OPES 19-20-21-22, 9 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO C1 en aplicación do previsto no artigo 15.3 LTAIBG.

Firmado por: JESÚS VÁZQUEZ ALMUÑA - \*\*\*4916\*\*  
Cargo: Deputado delegado  
Data: 27/08/2024 20:38

**TERCEIRO.**- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional [www.depo.gal](http://www.depo.gal), unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

*En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.*

*Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Comisión de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.*

*Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

Firmado por: LUIS FEIJOO GARCÍA - \*\*\*1268\*\*  
Cargo: Asesor xurídico de Administración Electrónica, Transparencia e Protección de Datos  
Data: 26/08/2024 16:53

Firmado por: GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - \*\*\*7731\*\*  
Cargo: Secretaría Accidental  
Data: 26/08/2024 10:23  
Número Resolución RP2024006898